

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE XULLO**

### **DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta de xullo de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, dona Carmen Tato Lago e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE, e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de xuño e sesión extraordinaria do día 10 de xullo de 2009**

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de xuño e sesión extraordinaria do día 10 de xullo de 2009.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que na páxina 13 da acta da sesión extraordinaria do día 10 de xullo de 2009, hai dúas correccións que facer.

En primeiro lugar, no último parágrafo da páxina, onde di: “*Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, pídelles ao Sr. alcalde que non lle permita á interventora intervir...*” debe dicir: “Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, pídelles ao Sr. alcalde que non se obrigue á interventora a intervir nun debate político....”.

A Sra. secretaria sinala que dado que o pleno se atopa grabado, é necesario comprobar a grabación, para comprobar exactamente o que se dixo, e engade que se pode deixar a aprobación da acta para o seguinte pleno.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que ben, e que tamén hai que modificar o terceiro parágrafo desa mesma páxina 13, onde di: “*Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que unha vez falado das mentiras ás que fixo referencia o Sr. Salcines, talvez poidan comezar a falar dos orzamentos. El vai empezar a facelo, e vai ser breve porque sabe que hoxe é un pleno no que lles interesa acabar canto antes....*”, nesta frase hai que engadir “*a vostedes*”, porque se non pódese interpretar que a quen interesa acabar pronto é ao PP, e o que el quería expresar era que a quen interesaba acabar pronto era ao equipo de goberno.

Non se formulan máis alegacións, polo que a corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2009, e deixar sobre a mesa a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 10 de xullo de 2009, para a súa aprobación no vindeiro pleno, unha vez se comprobe a grabación efectuada.

## **2º Aprobación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar**

Visto o informe-proposta da coordinadora de Servizos Sociais, de data 21 de xullo de 2009, co visto e prace do Sr. alcalde, e o conforme da secretaria e interventora municipais.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 28 de xullo de 2009.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo se abstivo na comisión informativa, pero que agora van a votar a prol, sempre que se teña en conta o que xa dixeron na comisión, que neste prazo de tres anos que quedan se resolva dalgunha maneira, se pode ser satisfactoria, a situación das traballadoras sociais do concello, as cales necesitan unha titulación superior á que actualmente teñen para poder prestar ese servizo e realizar o seu traballo nos domicilios.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro presente de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, que se achega como anexo ao presente acordo.

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia.

### **3º Proposta de derogación da Ordenanza fiscal n.º 19 reguladora da taxa por servizo de axuda a domicilio e outras prestacións sociais**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 21 de xullo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de xullo actual.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vai a votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro presente de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Derrogar, con efectos de 1 de novembro de 2009, a ordenanza fiscal núm. 19, reguladora da taxa polo servizo de axuda a domicilio e outras prestacións sociais.

Segundo: Reenumerar as ordenanzas fiscais vixentes, unha vez aprobada definitivamente a derogación da ordenanza fiscal núm. 19, quedando a numeración a partir do dito número do seguinte xeito:

- Ordenanza fiscal núm. 20, da taxa pola tenencia de animais de compañía e animais potencialmente perigosos, pasa a ser ordenanza fiscal núm. 19.
- Ordenanza fiscal núm. 21, reguladora de contribucións especiais, pasa a ser ordenanza fiscal núm. 20.

Terceiro: Facer constar que as ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas no acordo precedente, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Cuarto: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar.

#### **4º Proposta de establecemento do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 21 de xullo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de xullo actual.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ao igual que no caso anterior o seu grupo tamén vai a votar a prol porque do que se trata é de homologar unha orde da Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro presente de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o establecemento do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais, e a aprobación do seu réxime regulador, que se achega como anexo.

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público producirá efectos a partir do día 1 de novembro de 2009, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

**5º Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de: modificación das áreas de goberno, modificación dos membros da Xunta de Goberno Local, modificación dos tenentes de alcalde, modificación das delegacións de atribucións pola Alcaldía en membros da Xunta de Goberno Local e delegacións especiais noutros concelleiros**

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación das seguintes resolucións:

- Resolución de Alcaldía núm. 1413, de data 22 de xullo, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Modificar a Resolución de Alcaldía n.º 1087 de data 9 de xullo de 2007 de creación, denominación e ámbito material das áreas de goberno que quedarán coa denominación e ámbito material segundo o seguinte detalle:

### ÁREA DE ALCALDÍA

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Urbanismo
- Actividades de incidencia ambiental e inocuas
- Persoal e réxime interior
- Seguridade cidadá e protección civil
- Mobilidade e redes de transportes
- Mantemento e conservación de parques e xardíns
- Relacións institucionais e sinatura de convenios
- Competencias non atribuídas expresamente a outras áreas

### ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E TURISMO

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Xestión de servizos públicos, medio ambiente, obras e infraestruturas
- Promoción e fomento do turismo
- Museo
- Patrimonio histórico-artístico
- Medio rural
- Voluntariado social e participación cidadá
- Promoción e apoio ao tecido asociativo
- Proxectos de cooperación para o desenvolvemento
- Políticas de igualdade e participación da muller
- Información e asesoramento da xuventude
- Ocio e tempo libre

### ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN E PATRIMONIO MUNICIPAL

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Elaboración e xestión dos orzamentos municipais
- Control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e orzamentaria
- Contabilidade, Tesourería e Recadación
- Facenda local e Inspección de Facenda
- Xestión e xeración de recursos
- Xestión, promoción e fomento do comercio
- Feiras, mercados e venda ambulante
- Protección de consumidores e usuarios
- Políticas de emprego, formación e promoción económica
- Proxectos de desenvolvemento local, no ámbito do emprego, da formación e da promoción económica, financiados polos fondos comunitarios.
- Asesoramento a empresarios e emprendedores
- Formación, conservación e actualización, do patrimonio municipal, agás o do solo
- Xestión de edificios municipais
- Contratación local

#### ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS, MAIORES E SANIDADE

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Servizos Sociais comunitarios (básicos-específicos)
- Servizos Sociais comunitarios especializados
- Atención aos maiores
- Escolas infantís
- Orientación e mediación intercultural social
- Centros de Servizos Sociais
- Sanidade e saúde pública

#### ÁREA DE EDUCACIÓN E DEPORTES

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Recursos educativos
- Centros educativos
- Fomento do deporte e sobre todo a base

- Cursos e escolas deportivas
- Relación con clubs e asociacións deportivas

### ÁREA DE CULTURA

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Promoción da cultura e singularmente da lingua e a cultura de Galicia
- Programación cultural
- Exposicións culturais
- Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
- Escolas municipais de música
- Espectáculos públicos
- Festas populares

Segundo: Dease conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Resolución de Alcaldía núm. 1414, de data 22 de xullo, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Cesar a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín como membro da Xunta de Goberno Local.

De conformidade co establecido no art. 70.2 do Regulamento orgánico municipal, o cesamento terá efectividade dende o momento da notificación persoal á interesada, iso sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar.

Segundo: Nomear como membros da Xunta de Goberno Local a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo e a dona Laura Fernández Martínez.

De conformidade co establecido no art. 69.2 do Regulamento orgánico municipal, o carácter de membro da Xunta de Goberno Local é voluntario, polo que, para que a designación sexa eficaz, require a súa aceptación por parte do concelleiro designado. Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación. Todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación

no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar.

Terceiro: Así pois, a Xunta de Goberno Local queda formada polos concelleiros que a continuación se relacionan:

- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
- Don Jaime Manuel López Lisnier
- Dona Erundina Prado Arcay
- Dona Laura Fernández Martínez
- Dona Carmen Tato Lago
- Don José Venancio Salcines Cristal

Cuarto: Comuníquese a presente resolución ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar, notifíquese persoalmente aos interesados e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.”

- Resolución de Alcaldía núm. 1415, de data 22 de xullo, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Cesar a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín como 6<sup>a</sup> tenente de alcalde.

Segundo: Cesar a dona Carmen Tato Lago como 4<sup>a</sup> tenente de alcalde, nomeándola 5<sup>a</sup> tenente de alcalde.

Terceiro: Cesar a don José Venancio Salcines Cristal como 5<sup>o</sup> tenente de alcalde, nomeándolo 6<sup>o</sup> tenente de alcalde.

Cuarto: Nomear 1<sup>o</sup> tenente de alcalde a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

Quinto: Nomear 4<sup>a</sup> tenente de alcalde a dona Laura Fernández Martínez.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 58.3 e 5 do Regulamento orgánico municipal, o cesamento terá efectividade dende o momento da notificación persoal aos interesados, iso sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Sétimo: De conformidade co establecido no art. 58.4 do Regulamento orgánico municipal, o nomeamento requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación polo destinatario. Entenderase tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta o nomeamento.

Octavo: Así pois, quedan designados tenentes de alcalde os concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local, e segundo a orde que a seguir se relaciona:

- 1º Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
- 2º Don Jaime Manuel López Lisnier
- 3º Dona Erundina Prado Arcay
- 4º Dona Laura Fernández Martínez
- 5º Dona Carmen Tato Lago
- 6º Don José Venancio Salcines Cristal

Noveno: A teor do establecido no art. 23.3 da Lei 7/1985, art. 63 da Lei 5/1997 e art. 60 do Regulamento orgánico municipal, correspóndelles aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para exercer as súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Décimo: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e dease conta ao pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

- Resolución de Alcaldía núm. 1416, de data 22 de xullo, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Revogar a delegación xenérica conferida a prol de dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín mediante Resolución de Alcaldía n.º 1092, de 10 de xullo de 2007, respecto da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos.

A revogación surtirá efectos dende o momento da notificación persoal á interesada, iso sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Segundo: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de don Jaime Manuel López Lisnier mediante Resolución de Alcaldía n.º 1092, de 10 de xullo de 2007, para a área de Educación, Xuventude e Deportes, conferíndolle a delegación xenérica da área de Educación e Deportes, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe.

Terceiro: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de dona Erundina Prado Arcay mediante Resolución de Alcaldía n.º 1092, de 10 de xullo de 2007, para a área de Cultura e Turismo, conferíndolle a delegación xenérica da área de Cultura, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe.

Cuarto: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de dona Carmen Tato Lago mediante Resolución de Alcaldía n.º 1092, de 10 de xullo de 2007, para a área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, conferíndolle a delegación xenérica da área de Asuntos Sociais, Maiores e Sanidade, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe.

Quinto: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de don José Venancio Salcines Cristal mediante Resolución de Alcaldía n.º 1092, de 10 de xullo de 2007, para a área de Facenda, Comercio e Emprego, conferíndolle a delegación xenérica da área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe.

Sexto: Conferir a delegación xenérica da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe, a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

Sétimo: Adscribense á Alcaldía os servizos e actividades relativos ás materias recollidas dentro da denominada área de Alcaldía.

Igualmente quedan reservadas a esta Alcaldía o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”. Nos

supostos de ausencia ou enfermidade, o coñecemento e resolución destes asuntos corresponderá ao concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal.

Oitavo: De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde, e respecto da súa área, enténdense conferidas como a delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de trascendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer, como competencia non delegable a teor do establecido no art. 21.3 da Lei 7/1985.

Noveno: Conferir as delegacións especiais a prol dos concelleiros que a continuación se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

1.- Conferir a delegación dos servizos de Seguridade Cidadá e Protección Civil, Mobilidade e Redes de transportes, e Mantemento e conservación de parques e xardíns incluídos na área de Alcaldía a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín.

2.- Conferir a delegación dos servizos de Promoción e Fomento do Turismo, Museo, Patrimonio Histórico-Artístico e Medio Rural incluídos na área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo a dona Gumersinda Becerra Montes.

3.- Conferir a delegación dos servizos de voluntariado social e participación cidadá, promoción e apoio ao tecido asociativo e promoción e proxectos de cooperación ao desenvolvemento incluídos na área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo a don Antón Otero Domínguez.

4.- Conferir a delegación dos servizos de políticas de igualdade e participación da muller, información e asesoramento da xuventude, ocio e tempo libre incluídos na área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo a dona Laura Fernández Martínez.

Décimo: De conformidade co establecido no artigo 49.2.b) do Regulamento orgánico municipal, a delegación especial conferida a cada concelleiro, e respecto do servizo ou servizos determinados, enténdese conferida como delegación da dirección interna dos servizos, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que quedará reservada ó Alcalde ou concelleiro con delegación xenérica na correspondente área.

O concelleiro que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisa-la actuación dos concelleiros con delegacións especiais.

Décimo primeiro: De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos documentos que deban firmar os concelleiros delegados no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Décimo segundo: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta se sobre este tema hai posibilidade de debater. O Sr. alcalde contesta que non.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que se trata do nomeamento dos membros que se

incorporan á xunta de goberno, e que el non vai a debater porque non llo permite o regulamento, pero si quere dicir que o art. 109 di textualmente: “1. Calquera concelleiro poderá pedir, durante o debate, a retirada dalgún expediente incluído na orde do día, para o efecto de que se lle incorporen documentos ou informes, e tamén que o expediente quede encol da mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión...”

Di que o PP ten serias dúbidas de se hai un caso de transfuguismo neste pacto, e que o pacto contra o transfuguismo que asinaron os principais partidos de España di nun dos seus artigos, que cando xurdisen dúbidas respecto de que membros dunha lista e o grupo político teñen incurrido en transfuguismo, será a formación política que os presentou a que deberá aclarar por escrito cales deles se apartaron da disciplina do partido, para os efectos da súa cualificación como tránsfugas. Di que neste caso é o BNG o que se ten que manifestar, por escrito, se están ante este caso ou non, por iso lle pide ao Sr. alcalde que retire este nomeamento, solicite esa información, e que despois o traia a pleno.

O Sr. alcalde responde que esa é unha das facultades que ten o alcalde, e que o que fixo foi dar coñecemento ao pleno do exercicio dunha das facultades que ten a Alcaldía e, polo tanto, non vai a retirar o asunto, con independencia de que o que dixo o Sr. Cubeiro se poida comprobar ou non, pero que, en todo caso, a posta en coñecemento ao pleno destas resolucións, é un tema que podería ter incluído no punto de “Informes de Alcaldía”, e que non hai que votar, é para dar conta del, e non hai outra intervención.

## **6º Mocións**

O Sr. alcalde manifesta que hai unha moción que o PP acaba de presentar agora mesmo, e que el aínda non leu porque acaban de pasarlla, pero que pode ver que garda relación co que acaba de dicir o Sr. Cubeiro sobre o pacto contra o transfuguismo. Di que a súa obriga é poñela a votación, pero que pensa que a urxencia desta moción presentada agora, neste momento, non está xustificada. Pensa que o lóxico é deixala para o vindeiro pleno. Pregunta aos servizos xurídicos que é o que hai que facer.

A secretaria da corporación manifesta que como non a viu non pode emitir ningún informe. Non sabe o que se pide, e di que se o que lle piden é un informe, entón solicita que quede sobre a mesa para poder emitir o correspondente informe.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que se lles permiten lela, poden enterarse todos, e que se pode votar só a oportunidade de que se debata.

A Sra. secretaria di que entón o primeiro sería votar a urxencia.

O Sr. alcalde di que non sabe se a teñen os demais grupos porque a el acaba de chegarlle agora.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el non está en contra de que se vote a moción de urxencia, pero si está en contra de que xa veña sendo sistemático que en moitas ocasións, por parte dalgúns grupos, e non quere incidir concretamente no PP, pero si que o ten feito nalgunha outra ocasión, se teñen presentado este tipo de mocións a última hora. Ao seu grupo presentáronlle esta moción faltando 15 minutos para o comezo do pleno. Non tiveron tempo, nin de analizala, nin de facer un xuízo de valor profundo sobre unha moción que lles parece que ten un calado moi importante, porque fala do transfuguismo, do pacto anti-tránsfugas.

Di que non tivo tempo de lela literalmente, e non sabe que decisión poden tomar, tendo en conta ademais que neste punto pide desculpas en nome do seu compañeiro que hoxe non puido estar presente no pleno, e que solicitou permiso para ausentarse á Alcaldía. Di que non ten con quen analizar esta moción, non teñen tempo material, e pensa que debería quedar enriba da mesa para o próximo pleno, agora ben, vai votar a prol da urxencia, se é que se somete a votación.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que eles piden dúas cousas. Primeiro, que o pleno da corporación, que son eles, acorde ratificar o contido íntegro do Pacto contra o transfuguismo asinado polas principais forzas políticas de España, que son, entre outros, BNG, IU, PP e PSOE, polo tanto non están pedindo nada que non se faga en España.

En segundo lugar, piden que as forzas políticas representadas no pleno se comprometan a aplicar e esixirse reciprocamente o cumprimento dos acordos adoptados no marco da loita contra o transfuguismo, e que aquí si que afecta a unha parte da corporación, non a todos.

Conclúe dicindo que pensan que non piden nada que non sexa fácil de decidir.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a moción do PP comeza dicindo que “O pasado 27 de xullo se fixo público que a dirección local do BNG...”, e que sigue. Di que, a efectos xurídicos, o público é o que

está manifestado por rexistro, ou de modo oficial, nunca se pode dicir que público é o que aparece nun medio, nun correo electrónico ou nunha páxina web, di que polo menos o noso sistema xurídico aínda non nos ten levado ata aí. Di que eles non teñen ningunha información oficial, nin como goberno de Cambre, nin como grupo municipal, nin como partido socialista, do que di o PP e, polo tanto, a frase de arranque, ao seu xuízo, non é válida. Di que iso é un rumor, unha noticia que está aí, e que Deus dirá o que é nun futuro. Mentres non sexa público oficialmente, non toca debater este tema e, en consecuencia, van votar en contra da urxencia.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que el pensa que unha cuestión distinta é o que cada un despois vote, a prol, en contra ou se absteña na moción, pero que o que lle parece triste é que cada vez que se vota a urxencia dunha moción, e di que se vota a urxencia da moción aínda que se presente en prazo e forma segundo o Regulamento orgánico municipal, e que aquí, nesta sala, tradicionalmente, cantidade de veces o goberno municipal traía as mocións, igual que esta do PP, xustamente ao entrar, e que llemas poñían enriba da mesa, e votábase a urxencia e todo o mundo a apoiaba, independentemente de que despois se debatesese e cada un votase o que lle parecese.

Di que iso era o tradicional e o normal, o grupo de goberno nunca as presentaba en tempo e forma como os demais, e sempre se aceptaron as urxencias de todos, incluso de grupos da oposición que algunha vez as trouxeron.

Conclúe dicindo que el pensa que o normal é que se vote a urxencia, e que se alguén non quere, alá cadaquen. Debe facerse como se fixo sempre, e non comezar a tirar pedras, porque algúns piden que se baixe a tensión nos plenos, nas comisións, e para baixar a tensión hai que ser responsables, hai que ser serios, hai que cumprir coas cousas, e baixase a tensión sen necesidade de chegar a estes temas. Pensa que a moción non ten ningún problema para non votala.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que precisamente como non debería ter ningún problema, e é un dereito que ten o PP de presentar unha moción en cada pleno ordinario, cumprindo co prazo que, case sempre, e só de maneira excepcional e con acordo unánime de todos por determinados temas, se ten producido, non entende por que non a presentou, porque en todo caso o que pide aí é algo que supón todas as forzas políticas que están aquí representadas, teñen subscrito e están cumprindo. Di que o supón, porque ao voceiro de EU-IU entregáronlla un cuarto de hora

antes de comezar o pleno, pero el acaba de recibila agora mesmo, xa cando estaba o pleno comezado, e parécelle unha cuestión bastante complicada.

Di que lle parece un tema moi interesante, e que ademais os demais grupos tamén poderían achegar datos concretos, porque el non sabe de onde saca o PP esa información, pero si que houbo casos concretos de transfuguismo político nesta mesma comarca, non hai moito tempo, na pasada lexislatura, e nesta, e acaban de asistir a unha moción de censura con persoas declaradas tránsfugas en Mos, e no Concello de Nigrán, onde algún dos partidos aquí presentes tiveron bastante que ver niso, e probablemente esa moción poderían adornala como unha condena máis do transfuguismo.

Concluí dicindo que pensa que non é urxente tratala hoxe e que el pediría que no próximo pleno o PP exerza o seu dereito de presentar a moción que lle corresponde polo Regulamento orgánico municipal, e que lles permita aos demais grupos engadir puntos concretos que si son reais, e que si existiron durante esta lexislatura e durante a lexislatura pasada. Di que hai un que ocorreu fai apenas un mes, no Concello de Mos, fai apenas tres meses no Concello de Abegondo, na pasada lexislatura foron Carral e Sada, ben cerca, e di que seguramente poderían introducir esas cousas, porque polo demais, os que aquí forman parte de forzas políticas, están actuando conforme ás siglas que representan, unica e exclusivamente, o demais son ganas de subir a tensión, e estratexias, polo tanto pensan que se debe deixar sobre a mesa.

Concedida a palabra ao concelleiro do PP, manifesta que el se chama Nicolás José Cubeiro Martínez, natural e veciño de Cambre, concelleiro nesta corporación municipal, e o que lle preocupa é Cambre, e preocúpalle quen vai gobernar a súa vila, quen vai a manexar o diñeiro da súa vila, non lle preocupa Abegondo, nin Mos, nin ningún outro sitio, di que lle preocupa Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que á vista de que esta moción ten determinados apartados, e nun deles fala do alcalde, di que terán que pedir información, porque isto leva consigo, dalgunha maneira, todo o que teñen falado ata agora. Por todo isto pide que quede sobre a mesa para tratalo no primeiro pleno que haxa, cun informe dos servizos xurídicos, e dende logo, tratalo, sen ningún problema, nin ningún tipo de dúbida.

Di que pensa que neste momento non é só aprobala ou non, é que afecta aos nomeamentos dos que acaban de falar agora, e por iso pediría que os servizos xurídicos lles preparen un

informe, como pasa en moitos casos, e traela ao primeiro pleno que haxa, esa é a proposta que lles fai aos membros da corporación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que a súa proposta segue sendo a mesma, o punto 5 do artigo 108 di que se vote a urxencia, iso é o que din, que se vote.

O Sr. alcalde di que hai que facer un informe, e que neste momento non se pode facer un informe do que se acaba de tratar, di que o lóxico é que os técnicos xuristas fagan un informe e que non pasa nada por facer as cousas medianamente ben, se o que está aquí non está avaliado polos servizos xurídicos, pide que, loxicamente, quede sobre a mesa.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que o seu grupo non está de acordo e que o que queren é que se leve a cabo a votación da urxencia.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el, se non se vota a urxencia, abandonará o pleno, porque el non viu a facer o pallaso.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que dado que el ten a capacidade de dicir que quede sobre a mesa, e cre que non pide nada que estea fóra da lei, pide que os seus asesores xurídicos fagan un informe, que se traia ao próximo pleno, e por tanto vai quedar sobre a mesa. Dille ao Sr. Marante que se quere quedar que quede e que se non, que marche.

Don Manuel Marante Gómez pídelle ao Sr. alcalde que se vai rir doutros, non dos veciños de Cambre, nin del tampouco.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez dille ao Sr. alcalde que fai dous meses retirou os orzamentos e para iso non necesitou ningún informe xurídico, preguntalle por que hoxe non se pode votar.

O Sr. alcalde responde que el ten aquí á súa asesora, e que el non pode facer nada en contra da lei. E que se a lei así o di, no próximo pleno se tratará, sen ningún problema, pero despois de que o asesore quen ten que asesoralo.

Cando son ás 21:00 horas, don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PG), abandona o salón de sesións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el xa dixo antes que o seu grupo ía votar a prol da urxencia, con independencia de que ao ler esta moción voten a prol ou en contra, pero si está a prol de que se someta a votación a urxencia, e pide que así conste en acta.

O Sr. alcalde dille que de acordo, pero que o problema é que el necesita uns informes xurídicos, e non os ten aí.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el cre que o Sr. alcalde non necesita ningún informe xurídico para dicir se está a prol ou en contra do transfuguismo, que é o que o seu grupo di na moción, non necesita absolutamente nada máis. Se está a prol do transfuguismo dille que actúe como está actuando.

O Sr. alcalde manifesta que quen ten a facultade de deixar un asunto sobre a mesa é el, e polo tanto queda sobre a mesa ata que haxa un ditame da secretaria.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por nove votos a prol, correspondentes aos catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, aos catro concelleiros do BNG, e ao concelleiro presente de EU-IU, co voto en contra dos sete concelleiros do PP, trátase a seguinte moción:

#### **A) Moción do grupo municipal do BNG sobre a gratuidade dos libros de texto**

Rexistrada de entrada ao núm. 10192 o día 24 de xullo de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“As nais e os pais do alumnado levan décadas loitando por unha mesma causa: que os libros de texto escolares sexan gratuítos para as familias con fillos e fillas matriculados en colexios públicos e concertados. Se como di a Constitución española no seu artigo 27.4 o “ensino básico é obrigatorio e gratuíto”, os manuais de texto que o alumnado necesita para seguir o curso tamén deberían selo. Tal e como está configurado o sistema educativo, o libro é aínda un elemento imprescindible que as familias están obrigadas a adquirir cada comezo de curso. En realidade, ao esixir este esforzo económico non se cumpre co precepto constitucional, nin se garante a igualdade de oportunidades de todos e todas á educación. Por Orde de 6 de xuño de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 12 de xuño), convocouse o programa de gratuidade de libros de texto nos centros de ensino sostidos con fondos

públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos, e establecéndose as súas normas de organización e funcionamento como un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos, como servizo de préstamos que favorece a igualdade de oportunidades entre o alumnado e inculca valores de solidariedade, conservación do material para a súa reutilización por outras persoas e coidado do ben colectivo.

No curso 2009-2010 dáse un paso atrás, cunha obsesión da actual Consellería de Educación de dismantelar os logros conseguidos en etapas anteriores argumentando que non adoptara aínda medidas concretas sobre o programa impulsado polo goberno anterior con presenza do BNG.

Rexeitamos que unha das primeiras medidas que pon en marcha o goberno do PP sexa a de apoiar os recortes sociais. Desde o BNG, queremos lembrar, que a día de hoxe hai en Galicia 82.000 familias agardando que a Consellería de Educación defina a súa política en materia educativa, porque aínda non saben que vai pasar cos libros de texto no vindeiro curso académico e que vai pasar co programa de gratuidade dos libros de texto.

Consideramos inaceptable a supresión da gratuidade universal dos libros de texto, anunciada polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, na sesión do Consello Escolar de Galicia do 18 de xuño, admitidas tamén polo presidente da Xunta de Galicia. Esta proposta de recorte, xunto con outras que a Consellería de Educación está levando adiante nestes primeiros meses do seu mandato, supón unha medida regresiva que atenta ao carácter público e gratuíto do ensino, e evidencia unha vez máis a política negligente que este goberno está a levar a cabo.

Esta medida non pode ser a resposta do goberno aos problemas económicos na actual situación, tal e como argumentou o conselleiro. De feito, nun contexto económico precario, o goberno debe manter a gratuidade dos libros de texto para favorecer a economía das familias, e non usar a crise como pretexto para artellar discrecionalmente calquera tipo de política, mesmo aquelas que supoñen un ataque frontal ás garantías fundamentais polas que o goberno debe velar. Esta política supón un paso atrás no plano educativo e social.

A tres meses da toma de posesión non sabe que política educativa vai empregar, finalizando o curso cun total desconcerto e desconfianza por parte das familias.

É curiosa a maneira de entender a responsabilidade deste novo goberno que, por unha banda, realiza unha absurda enquisa ás nais e aos pais sobre a lingua na que queren os

contidos dos libros de texto e, pola outra, toma despoticamente a decisión de eliminar a súa gratuidade.

Finalmente, debemos recordar que o sistema creado polo anterior goberno da Xunta de Galicia introducía a solidariedade de compartir os libros, e que existen 82.000 familias agardando unha decisión.

Por todo isto, o BNG propónlle ao pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo

Instar á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o que vai dicir vai ser moi curto. A el sinceramente lle sorprende e lle indigna que o Sr. Iglesias, que a partir de hoxe vai cobrar 60.000 euros/ano, é dicir vai cobrar 5.000 euros/mes.

O Sr. alcalde pide orde ao público asistente, e dille ao Sr. concelleiro que se cinga á moción.

O Sr. Andreu di que el se cingue.

O Sr. alcalde dille que é a primeira vez que o avisa.

Don Felipe Andreu Barallobre insiste en que se está cinguindo á moción, e di que o PP vai votar en contra da moción polo sinxelo motivo de que unha persoa que cobra 60.000 euros non pode ter dereito á gratuidade dos libros de texto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción, porque consideran que así o contempla a Constitución, o dereito ao ensino e á gratuidade dos libros, da sociedade e dos nenos deste país. Por iso o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que hai moitos motivos para que o concelleiro do PP defenda a xestión do seu goberno, e ningún deles debería levarlle a mentir, porque sabe perfectamente que o soldo

do concelleiro do BNG, sendo un soldo importante, non é a cantidade que dixo. Sinálalle que podería dicir a verdade, porque ten os seus argumentos, e non sabe porque sempre se empeña en esaxeralo todo.

Continúa dicindo que, en todo caso, o seu grupo vai apoiar esa moción porque pensan que hai algo máis, que hai o apoio á educación pública, e pensa que esta é unha medida que beneficia a toda a sociedade.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. Salcines falou pouco hoxe, pero xa dixo a palabra mentir, e despois dinlle ao PP que alteran, cando o concelleiro do PSdeG-PSOE, con só abrir a boca xa empeza a dicir que o PP minte, ou o Sr. alcalde di que o PP fai demagogia, e non é certo nada diso. Tamén quere engadir que o PP o que está a facer agora é, en función da renda per cápita, en función do IRPF, facer gratis ou non os libros. Hai axudas que van dende 180 euros/veno a 102 euros /veno, ou a nada, como casos dos que se acaba de falar agora. Se o nivel adquisitivo das familias é moi elevado, evidentemente, se son solidarios, haberá que axudar ás familias que menos teñen, e non aos que cobran máis. Polo tanto, o seu grupo vota en contra da moción, como xa dixo, e pide, por favor, que lles falen con respecto.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que o que acaba de dicir o Sr. Cubeiro lle parece estupendo, é un discurso político correcto e respectuoso, e se mantén ese discurso terá todo o seu respecto, pero ese non foi o discurso do Sr. Andreu, foi distinto, e di que o discurso do Sr. Cubeiro foi moito mellor que o do seu compañeiro.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que pensa que era unha boa oportunidade de confrontar o que son as diferentes maneiras de enfocar a xestión pública, neste caso con respecto á Educación, pero di que hai quen prefire perder esa oportunidade de contrastalas con outro tipo de historias. Di que alá eles coa súa responsabilidade, pero que, en todo caso, el tamén alaba a última intervención do PP, porque iso si os mete en materia, e iso é interesante. Pensa que é lexítimo que haxa forzas políticas que digan que o sistema da gratuidade é mellor por unha serie de razóns, pero tamén lle parece lexítimo que o PP, que foi o que gañou as eleccións, decida cambiar o sistema e utilizar outro. O que eles pretenden é un acordo dicindo que a maioría do Concello de Cambre insta á Xunta de Galicia, porque pensa que o sistema da gratuidade se corresponde máis cos dereitos que ten recoñecida a Constitución, e porque foi un avance con respecto a épocas anteriores, e o que se intenta dar agora é un retroceso.

Continúa dicindo que ese é o debate, e dille ao PP que o sistema que van a empregar é un retroceso porque aínda non está nada claro de como vai a ser, e as familias teñen xa que mercar os libros e non saben que tipo de axudas van a recibir cando chegue o mes de setembro. Di que lle vai poñer un exemplo moi claro, os mileuristas, unha familia na que tanto o home como a muller cobren 1000 euros/mes, e polo tanto, son 14 pagas de 1000 euros, cun fillo, non van a ter dereito a ningún tipo de axuda, quedan fóra do cálculo de posibles axudas, nin o 50 nin o 30, nin nada, unha familia que cobre un total de 28.000 euros/ano e teña un fillo. Dille ao PP que se a eles lles parece que iso é unha política progresista, de axuda, de igualdade, de mellorar as condicións de vida da xente, parécelle ben que o digan, pero esta era unha oportunidade para debatilo e ese dato está aí.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, manteñen a súa proposta e pensan que o Concello de Cambre debería instar á Xunta de Galicia a que retome esa posición que se veu exercendo dende a pasada lexislatura.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro de EU-IU, e votan en contra os sete concelleiros do PP.

A corporación, por nove votos a prol, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**B) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a adhesión á proposta da Universidade de Granada para a concesión do “Premio Príncipe de Asturias da Concordia 2009” ao poeta Marcos Ana**

Antes de comezar a ler a moción, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, non o dixo antes e, aínda que non ten moito que ver con isto, vai dicilo agora, porque pensa que é unha cousa importante e que inflúe nestes momentos de maneira fundamental na sociedade española. Di que hoxe mesmo houbo un atentado, onde morreron dous gardas civís, dous defensores da sociedade, dous membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado, o outro día houbo outro atentado, e pensa que procedía neste pleno falar diso, polo menos, porque non fai moito convocouse unha concentración diante do

concello, e estaban media docena de persoas, porque nin todos os concelleiros estaban alí. Pero, polo menos, pensa que procede facer un minuto de silencio ante ese atentado salvaxe, ante esa eiva social que existe no país, o terrorismo, e pensa que hai que ter unha sensibilidade especial e este pleno debería facer un minuto de silencio.

O Sr. alcalde agradece a intervención de don Luis Miguel Taibo, di que era un tema do que pensaba falar no punto de “Informes de Alcaldía”, non é só o de hoxe, senón tamén o de onte. Di que son dous atentados consecutivos e pensaba falar diso, trátase de solidarizarse con este problema e, se todos os membros da corporación están de acordo, propón levantarse e gardar, concelleiros e público asistente, un minuto de silencio.

Unha vez transcorrido o minuto de silencio, o Sr. alcalde pide que este minuto de silencio sirva para terminar coa eiva do terrorismo en España, para que a xente poida vivir en paz e solidariedade, e agradece a todos a súa colaboración. A continuación concede a palabra ao voceiro de EU-IU para que dea lectura á moción presentada.

Rexistrada de entrada ao núm. 10213, xunto cos rogos e preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“O premio Príncipe de Asturias da Concordia concédese a aquelas persoas ou institucións cuxo labor contribúa á loita contra a inxustiza, a pobreza, a enfermidade, a ignorancia ou á defensa da liberdade.

A Universidade de Granada acordou en xaneiro de 2009 a presentación da candidatura ao Premio Príncipe de Asturias da Concordia a don Fernando Macarro Castelo, por unha vida dedicada á loita polos Dereitos Humanos, por contribuír de forma exemplar e relevante ao entendemento e á convivencia en paz entre os homes e as mulleres e, polo seu empeño na reconciliación entre todos os españois e españolas. Marcos Ana (pseudónimo formado cos nomes dos seus pais) é unha lección viva de humanidade e dignidade.

Por estas razóns o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O pleno do Concello de Cambre acorda adherirse á proposta realizada polo consello de goberno da Universidade de Granada o día 26 de xaneiro de 2009, para que lle sexa concedido o Premio Príncipe de Asturias da Concordia 2009, ao poeta Marcos Ana.

Segundo: Trasladar o presente acordo á Universidade de Granada, á Fundación Príncipe de Asturias e ao poeta Marcos Ana.”

Faise constar que, xunto coa moción, achégase un escrito no que se conteñen as 23 razóns que a Universidade de Granada esgrime en apoio da concesión do premio.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster por descoñecemento, sinceramente non tivo a oportunidade de entrar a fondo, non hai outra motivación máis que esa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que admite as desculpas que pon o Sr. Cubeiro, o descoñecemento, aínda que a moción está clara, acaba de lela, e nun anexo á moción a Universidade de Granada expoñía 23 razóns, que foron os 23 anos que votou este home no cárcere franquista, 23 razóns para que lle sexa concedido o Premio Príncipe de Asturias, non sabe se o Sr. Cubeiro non tivo tempo a velas ou se se lle pasou. Tamén quere dicir que esta moción foi presentada en múltiples concellos do resto do Estado, e en todos os que se presentou o voto foi unánime, co voto a prol do PP tamén.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro presente de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por nove votos a prol, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

## **7º Informes da Alcaldía**

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 786, de data 14 de maio de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Aprobar o proxecto de mantemento de servizos sociais comunitarios elaborado pola coordinadora de servizos sociais cun presuposto total de 296.739,55 euros segundo se desglosa a continuación:

CONCEPTO	Nº PROFESIONAIS	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
COORDINADORA SS	1	50.517,55 EUROS	18.000,00 EUROS
TRABALLADORA SOCIAL	3	122.556,99 EUROS	67.267,00 EUROS
EDUCADOR SOCIAL	2	69.733,97 EUROS	50.022,98 EUROS
AUXILIAR ADMTVO	2	48.931,04 EUROS	35.247,56 EUROS
MANTEMENTO DE SS DE A. PRIMARIA	---	5.000,00 EUROS	3.500,00 EUROS
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>296.739,55 EUROS</b>	<b>174.037,54 EUROS</b>

Segundo: Aprobar a realización dos programas básicos e específicos dos servizos sociais comunitarios e o programa de servizos sociais especializado dirixido á terceira idade, elaborados polos técnicos do departamento de servizos sociais cun presuposto total de 390.000,00 euros, sendo os programas os que a continuación relaciónanse:

CONCEPTO	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
AXUDA NO FOGAR (libre concorrencia)	212.164,00 EUROS	137.164,00 EUROS
AXUDA NO FOGAR (valoradas dependencia)	187.632,00 EUROS	112.632,00 EUROS
ACTIVIDADES SS	70.000,00 EUROS	53.400,00 EUROS
EMERXENCIA SOCIAL	40.000,00 EUROS	30.000,00 EUROS
XANTAR SOBRE RODAS	51.000,00 EUROS	40.000,00 EUROS
TRANSPORTE ADAPTADO	65.000,00 EUROS	50.000,00 EUROS
ACTIVIDADES 3ª IDADE	25.000,00 EUROS	15.000,00 EUROS
<b>TOTAL</b>	<b>650.796,00 EUROS</b>	<b>438.196,00 EUROS</b>

Terceiro: Facer constar que se continúan prestando os servizos nas mesmas condicións que o ano anterior

Cuarto: Dese conta ao Pleno da Corporación Local na próxima sesión que teña lugar, da presente resolución, isto de conformidade co establecido no artigo 11 punto 1.1 das bases que rexen a convocatoria, in fine.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1328, de data 17 de xullo de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Modificar a Resolución de Alcaldía nº 786 e de data 14 de maio de 2009 en el apartado dous no concepto de axuda no fogar (valoradas por dependencia), quedando tal e como se transcribe a continuación:

CONCEPTO	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
AXUDA NO FOGAR (valoradas dependencia)	301.284,00 EUROS	226.284,00 EUROS

Segundo: Facer constar que se continúa prestando o servizo de axuda no fogar (valoradas por dependencia) nas mesmas condicións que o ano anterior

Terceiro: Dese conta ao Pleno da Corporación Local na próxima sesión que teña lugar, da presente resolución, isto de conformidade co establecido no artigo 11 punto 1.1 das bases que rexen a convocatoria, in fine.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1287, de data 6 de xullo de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Carmen Tato Lago desde o día 6 de xullo de 2009 ata a súa incorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm.1304, de data 9 de xullo de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Jaime Manuel López Lisnier desde o día 13 ao 24 de xullo do ano 2009, ámbolos dous incluídos e tamén do día 3 ao 14 de agosto do ano 2009, ámbolos dous incluídos, a partir dos cales continuará no

exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

## **8º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 10209 o día 24 de xullo de 2009.

1º Os parques infantís do municipio seguen sen cumprir a normativa actual. Algúns, como o da casa das palmeiras e o paseo marítimo presentan un estado lamentable. Nalgúns casos os veciños denunciaron a presenza de ratas. Rogamos se nos informe de cando se acondicionarán os parques infantís do noso municipio.

O Sr. alcalde contesta que dispón dun informe do departamento de Servizos, facilitado polo enxeñeiro, onde se recolle que o parque das palmeiras ao que fai referencia, arranxouse no ano 2007 e cumpría coa normativa vixente. O tema das ratas pasouse a Herbín, que é a empresa que está contratada para a desratización, e di que non tiñan ningún aviso de que pasaba iso, pero agradéceno e, nestes momentos, segundo dixo o enxeñeiro, están traballando no tema.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que el quere lembrar o accidente que ocorreu este mes, onde dous pais e un fillo se viron afectados polo lamentable estado dun valo que protexe, ou polo menos se supón que debería protexer, un dos parques infantís do Temple, e de aí a moción que o PP presentou fai uns meses, esixindo que se repararan os parques infantís, e de aquí este rogo porque esa moción aprobouse por unanimidade. Di que pode que se cumpra a normativa, pero hai graves deterioracións, e os veciños están a sufrilos.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, di que tamén quería comentar que no parque infantil das palmeiras hai algún xogo que está roto, e é posible que se cae un neno se poida curtar. Á parte está o tema do paseo marítimo, o estado lamentable que presenta do contorno, hai unha finca con maleza bastante alta, que pode que sexa unha finca privada, pero aínda así pódese obrigar á persoa a que a manteña nun estado adecuado por estar

nunha zona céntrica urbana. Piden que o miren e que procuren arranxar o problema.

2º O paseo marítimo do Temple segue valado por risco de derrubamento. Rogamos ao equipo de goberno que nos informe de que xestións se fixeron para o seu arranxo.

O Sr. alcalde contesta que este é un tema que xa ven de fai meses. Enviáronse varias cartas a Costas e non o arranxa, e agora tomaron a decisión de arranxalo dende o concello e pasar a factura a Costas, xa que non queren que siga así. Se lles dá tempo ao longo do mes de agosto queren deixalo arranxado.

3º A praza de Manuel Murguía, no Temple, atópase sen finalizar e acumula xa un ano de atraso. Estas obras causaron un grave prexuízo aos comercios da zona, polo que nos comunicaron o seu malestar. Rogamos nos informen dos motivos do atraso e do prazo de finalización definitivo.

O Sr. alcalde contesta que ten un informe desta mañá do enxeñeiro municipal. Di que se estivo utilizando polos comercios da zona, aínda que loxicamente está como está. Hai moitos motivos para a tardanza, tiveron moitos problemas coa empresa, e tamén houbo problemas con Fenosa porque hai un transformador. Tomouse a decisión, di que segundo palabras do enxeñeiro hoxe, de rescindir coa empresa e terminar as obras o concello, porque se non, non hai maneira de rematar esta obra, e o que falte por facer pasaranllo vía xudicial. A idea é que este mes, se poden, rematala.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que o ano pasado, a principios de novembro, o PP enviou unha nota de prensa, á vez que avisaron ao goberno municipal, de que se acabase esa obra e non se fastidiase a campaña de navidade aos comercios da zona, xa bastante mal está a situación como para que, ademais, non se puidese acceder. Viron con sorpresa que uns días despois, o goberno local, encabezado polo Sr. alcalde, dixo que estaría acabado o 15 de novembro. Di que dende esa data ata hoxe xa pasaron bastantes días e non lle parece normal que agora diga o que di, porque iso é o que lles di sempre.

O Sr. alcalde contesta que ese é o motivo polo que van a rescindir o contrato con esa empresa, terminalo o concello, e despois que sexa en vía xudicial a que diga quen ten a razón ou non, pero non poden continuar así, nin van a continuar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que aquí hai un motivo de fondo. Querería saber que é o que pasa coas empresas que se contratan no Concello de Cambre, hai moitas obras, rede

de sumidoiros, estradas, parques infantís, ..... Pregunta que pasa en Cambre coas contratacións.

O Sr. alcalde di que iso pasa en todos os sitios. Unha vez que sae a poxa, unhas veces veñen as empresas que ofrecen máis barato, e logo teñen os problemas que teñen, pero di que non son eles só, senón que hai cantidade de institucións que neste momento teñen cantidade de obras sen facer. Di que oxalá na mesa de contratación se puidese decidir outro tipo de contratacións, pero a lei di que ten que ser por poxa, e iso, ás veces, ocasionalles estes problemas.

Di que lamenta este tema, e esa decisión, ao igual que outras coa rede de sumidoiros que van a tomar, e que hai que tomar dunha vez por todas. Di que o malo non é só para os veciños, senón que estas empresas teñen que ser conscientes de que unha vez que o concello rescinda contratos con eles, van a telo difícil para poder contratar con outras administracións. Pero iso é o que hai, e hai que asumilo, non son só eles, senón que tamén hai outros concellos, e el o lamenta loxicamente.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 10213 o día 24 de xullo de 2009, xunto coa moción e as preguntas.

1º Para EU-IU a mellora da calidade de vida dos veciños/as de Cambre, constitúe o eixe principal das súas reivindicacións tratando de dar solución aos principais problemas que nos afectan. Nesta liña cremos que é de xustiza reclamar para todos as mesmas condicións de atención e seguridade viaria nos distintos lugares do concello, que a pesar das múltiples iniciativas presentadas polo noso grupo a día de hoxe non temos coñecemento que se teñan tomado as medidas axeitadas para dar solución aos problemas.

Pregamos se nos informe se se ten realizado algún traballo para a elaboración dun Plan de seguridade viaria.

O Sr. alcalde contesta que, segundo a Policía, tense feito nalgún sitio. En concreto fíxose un estudo que finalizou fai uns días en Pravio, onde se fixo un estudo no tema de peóns, sinalizacións, e estase facendo noutras parroquias. Agarda que en breve prazo poderallo facilitar á corporación.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o tema da seguridade viaria no concello é un tema que está continuamente nos plenos, porque é un tema que preocupa aos veciños e, evidentemente, tamén lle debe preocupar aos seus representantes. Di que algúns exemplos son algunhas iniciativas que se teñen traído ao pleno polo seu grupo e polos outros grupos da corporación.

Di que o Sr. alcalde falou do informe da Policía Local sobre o tema de Pravio. Di que sobre ese tema, fai máis de dous anos que se están solicitando pasos de peóns en Catro Camiños, en Cruceiro, en Fabás, e seguindo para abaixo, no Drozo, onde os veciños presentaron un escrito fai máis de dous anos e aínda non teñen resposta. Iso na estrada de Cambre a Pravio, tres ou catro sitios onde se teñen pedido pasos de peóns e seguridade, e incluso os sinais de tráfico están no medio da beiravía, e noutros lugares, como é na estrada que vai para Armental, na esquina da panadería, hai un sinal de stop, e non se ve pola maleza e foresta que hai alí. Di que llelo recordou fai dous plenos e de momento o sinal de tráfico segue sen verse. Isto é un pouco de deixamento e desidia por parte dos responsables.

Continúa dicindo que tamén se refire con iso aos pasos de peóns que se pediron fronte o instituto e o polideportivo de Sigrás, unha zona concorrida por centos de nenos, onde teñen que atravesar diariamente esa estrada e non hai un paso de peóns. Outro máis na Coutelana, onde os coches se teñen que poñer enriba do paso de peóns para mirar se ven o tráfico de Cambre ou do Temple. Di que precisamente non fai moitos días, aquí acudiron algúns á entrega dos premios de seguridade viaria do concello, e houbo un rapaz, un neno, que por certo con moita idea, reflectía perfectamente o que era ese paso de peóns. Se son os rapaces os que están descubriendo ese tipo de cuestións, e se ao final non se cumpren, entón van a desmotivar aos rapaces e a todo o vecindario, e por riba están xogando coa seguridade dos peóns.

Continúa dicindo que, por terceira ou cuarta vez, pregunta que pasa coa iluminación da ponte da ría do Burgo. Di que é certo que hai dúas competencias, unha do Concello de Culleredo e outra do de Cambre, e incluso pode que entre a administración autonómica, pero di que é unha ponte que non ten unha soa bombilla, está sen iluminar, non fai moitos días houbo un atropelo alí, e non se fixo absolutamente nada.

Falando de pontes e de iluminacións tamén pregunta que pasa coa ponte do encoro de Cecebre, a metade da ponte que pertence a Abegondo está iluminada, e a metade da ponte que pertence a Cambre está sen iluminación. Así están, e así podería dicir un montón de

deficiencias que ocorren en Cambre, basta ir por aí arriba e ver as bandas rugosas que hai, que están tiradas na cuneta, e non se repoñen, iso dende fai moitísimos días.

Conclúe dicindo que isto é un pouco de desidia e un pouco de abandono. Non di que non haxa que reforzar a brigada de obras, haberá que facelo, haberá que contratar máis xente, e xerar máis emprego para arranxar estas cousas.

2º Se ben é certo que se realizaron algunhas actuacións co fin de mellorar, acondicionar e poñer en valor as fontes e lavadoiros a través da súa reparación e acondicionamento, estas actuacións son a todas luces insuficientes, e tendo en conta que o concello ten a obriga de conservar estes elementos:

Pregamos se nos informe das actuacións realizadas ante o escrito presentado polo noso grupo e as múltiples queixas dos veciños/as, sobre a carencia de auga no lavadoiro do Drozo.

O Sr. alcalde contesta que no concello non hai queixas, de todas formas estase estudando, se ben, segundo palabras do enxeñeiro, auga hai, outra cousa é que cando chega o verán a auga mingua. Probablemente haxa que facer algún tema de traída, pero o enxeñeiro quedou en facer un estudo, e cando o teña pasarallo ao resto dos grupos. Di que isto é o que falou hoxe ás 12:00 da mañá co enxeñeiro.

Don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, manifesta que o outro día falou deste tema co aparelador, e díxolle que ía investigar o tema. El non foi hoxe alí, pero onte ou antonte non a había. O que si é certo é que a este concello viñeron dúas señoras veciñas da zona, protestando por este tema, puxéronse en contacto co seu grupo, eles fixéronlles un escrito onde están recollendo sinaturas, e onde di que habitualmente utilizaban ese lavadoiro, e que agora non poden. Di que non saben o motivo, que saben que esa auga ven da fonte que vai da estrada do Drozo á Estorrentada, é unha fonte que ten un caudal impresionante, e o que non se explican é como non chega o lavadoiro, é unha cuestión que hai que solucionar dende o concello no prazo máis inmediato.

3º O noso grupo ten coñecemento por parte dos medios de comunicación sobre distintos temas tratados no ente supramunicipal do Consorcio das Mariñas, pero a pesar de ter aprobada unha moción referente á información que deberían transmitir os representantes do concello ao conxunto da corporación nos órganos colexiados para os que foron designados, seguen sen dar unha información puntual.

O noso grupo prega aos responsables do goberno se nos informe das xestións e decisións levadas a cabo polos representantes do concello no Consorcio das Mariñas relativas aos seguintes asuntos:

1. Posible adquisición de camións adaptados para a recollida de lixo nos lugares de difícil acceso.
2. Sobre a creación da área metropolitana.

O Sr. alcalde contesta que, respecto do tema dos camións, pode dicirlles que o Consorcio pediu dous camións pequenos para poder entrar por zonas históricas e por camiños. A empresa adxudicataria dixo que se entregarán ao Consorcio en setembro, espera que sexa así. Respecto do tema da área metropolitana, o Consorcio non entrou a tratar o tema da área metropolitana, están pendentes de ter unha reunión co alcalde da Coruña e o presidente do Consorcio, pero aínda non se tratou nada da área metropolitana.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, agradece a resposta ao Sr. alcalde e di que o que eles queren é que se lles informe puntualmente dos acontecementos que teñan lugar neste sentido. Por outra parte, alédase de que o Consorcio tomara a determinación de facerse con dous camións pequenos para acceder a certos lugares. Eles así o presentaron nun pleno, polo lugar do Drozo e algún lugar de Cela onde non poden meterse os camións grandes e a xente se ten que desprazar a outros lugares para depositar o lixo, e están pagando a mesma taxa que están pagando os que teñen os colectores ao lado da casa.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 10210 o día 24 de xullo de 2009.

1ª Cando ten pensado o goberno local comezar a campaña de roza dos camiños municipais?

O Sr. alcalde contesta que xa empezaron fai uns 10 días.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta por onde comezaron.

O Sr. alcalde responde que por Anceis, San Benito, ...

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que a el lle sorprende que empezaran, porque eles tiñan moita ansia de comprobalo, e non pasaron por aí, pero, en todo caso, están a finais de

xullo, e evidentemente este é un servizo que tería que ter estado feito antes. Di que non vai falar agora das causas do atraso, pero é unha mostra máis da desidia.

Por outra banda, pregunta, entón, cando van a acabar.

O Sr. alcalde contesta que hai un plan de traballo que ten o enxeñeiro e el non o sabe exactamente, pero non hai ningún problema en preguntalo e facérllelo chegar.

O Sr. Cubeiro di que, entón, a conclusión que saca é que comezaron, eles non o puideron comprobar, e non saben cando se vai acabar.

2ª Como pensa o goberno local sufragar os sobrecustos das obras do Plan E?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que con remanente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, dille ao Sr. Salcines que o seu remanente é permanente nos plenos, porque todo o soluciona con remanente. El o que lle pregunta é como pensa, non con que diñeiro, senón como pensa facelo. Pregúntalle se tivo previsto algún sobrecusto nas obras, porque están falando de 34 obras, dun importe de 4 millóns de euros, e é moi probable que existan fallos nas obras, refírese a fallos nos orzamentos, que haxa melloras, de feito están comprobando que en Bribes xa vai a haber un cambio, o propio Sr. Salcines xa dixo que vai a custar máis o que van a facer agora, que o que estaba previsto, polo tanto a súa pregunta é como pensa o goberno sufragar o sobrecusto das obras, se é que o pensaron.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que a sorte que teñen no municipio de Cambre é que teñen remanente, iso quere dicir, que hai uns fondos que hai que asignar e que hai que gastar, e un dos obxectivos dese fondo e que vaia a pagar os sobrecustos, cal é a cantidade exacta aínda non a saben, poden facer unha estimación, pero non saben a contía exacta, supón que se moverán entre os 50.000 e 100.000 euros. Di que cando saiban todas as reformas que hai, e o seu custo, entón pagarano.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se ese remanente non formaba xa parte dos orzamentos que acaban de aprobar, e se non formaba xa parte do diñeiro público e xa ía destinado para outras partidas, pregunta se hai un remanente específico para o sobrecusto das obras do Plan E ou, pregunta se vai a modificar partidas e quitar doutro sitio para aplicarlas aquí.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o seu obxectivo é atender as demandas dos veciños, e entre elas as dos veciños de Bribes, e farán o que haxa que facer para que os veciños de Bribes e outros veciños queden satisfeitos. Dille ao Sr. Cubeiro que non se preocupe, e que o esforzo que lles vai levar facelo, agarda que llelo agradezan.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que se ademais de pagarlle o soldo que cobra dos veciños de Cambre, se por riba lle teñen que dar as grazas, estaría ben. Dille ao Sr. Salcines que o que ten que facer é o seu traballo, e que, dende logo, o que lle está dicindo é que non ten previsto o sobrecusto, que non o pensou sequera, iso é o que lle está dicindo agora.

3ª Moitos veciños e empresarios de Cambre suxeríronnos a necesidade de construír unha rotonda no cruzamento que se creará cando finalicen as obras da estrada de Fraís a Espírito Santo. Que xestións fixo o goberno local para que se instale a rotonda?

O Sr. alcalde contesta que estiveron a falar cos técnicos de Deputación e co presidente, e non está prevista a rotonda, pero quedaron de manter unha reunión, porque a estrada que vai cara a Guisamo é de titularidade da Xunta, e a outra obra é da Deputación. Di que esperan que do proxecto que ian a facer da rotonda, probablemente haxa que expropiar máis terreo, pero quedou Deputación coa Xunta de Galicia, pensa que co novo delegado, para manter unha reunión e ver como estaba.

Di que agarda que se faga, porque as obras tardaron moito tempo e agora levan un bo ritmo. Están pendentes de que veñan financiadas pola Deputación, pero con autorización da Xunta, porque a estrada é da Xunta, que se poida facer unha obra un pouco decente, porque el tamén comparte o que di o concelleiro do PP, que se non se fai, a saída vai a ser angustiada.

Conclúe dicindo que o goberno municipal estará, de todas formas, a pé de obra, pediron unha entrevista coa Xunta e tentarán que vaian técnicos da Deputación, para poder analizar este tema.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que hoxe o Sr. Salcines tivo unha reunión coa directora xeral de Formación da Xunta de Galicia, ten que dicir que o PP presiona na medida das súas posibilidades para que o Concello de Cambre sexa recibido o antes posible, e igual que fixeron iso, e saben que o Sr. Salcines estivo hoxe alí, tamén eles a nivel persoal, xa antes de entrar en política, ou agora que están en política, fan xestións.

Di que el mesmo, como presidente do Polígono do Espírito Santo, dende fai 10 anos, o recordará perfectamente o Sr. alcalde, presionou todo o que puido para que esa estrada se fixese.

Continúa dicindo que o que lle chama moitísimo a atención é que o outro día, cando lle pediu información para visitar ao conselleiro, información das obras que é necesario potenciar en Cambre, á parte das que xa saben, sorprendeulle que lle dixera que había a posibilidade de facer unha rotonda aí, porque iso xa llo dixera fai 6 anos. Di que fai 6 anos, nunha reunión que tiveron, o Sr. alcalde lle pediu, como unha desculpa, porque esa é a súa forma de proceder, que presionara na Xunta. El falou co Sr. Baamonde, presidente do PP nese momento, e foron os dous a ver ao Sr. Núñez Feijóo, naquel momento conselleiro de Ordenación do Territorio, di que está falando de fai 6 anos. Entón, agora lle pregunta, se fai 6 anos había a necesidade dunha rotonda, que xestións fixo dende fai 6 anos ata hoxe.

O Sr. alcalde dille que se o Sr. Cubeiro estivo no seu día co conselleiro, e non fixo nada, que lle ven a dicir a el. Di que el o que quere agora é que se faga, faga quen a faga, dálle igual que sexa o PP que o PSOE, o caso é que se faga. Se o Sr. Cubeiro estivo alí o outro día co conselleiro, lamenta que non lle teña achegado esta mesma preocupación. Di que están todos no mesmo carro, e que loxicamente o que non se pode dicir é que a fagan os demais e eu quedo fóra. Se non a fixo no seu día o PSOE, polo que fora, agora, sexa o PP ou PSOE hai que facela, e el agradece a súa colaboración.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez dille ao Sr. alcalde que o alcalde é el, e leva 30 anos, polo tanto non deixa de sorprenderse de que cada vez que fan algunha pregunta diga que necesita informes dos técnicos, pregúntalle se non coñece Cambre.

Pregúntalle que xestións fixo el dende fai 6 anos, o alcalde, non lle está dicindo se a Xunta fixo ou non fixo, está preguntándolle que xestións fixo el, porque naquel momento o que a Xunta de Galicia dixo foi que era necesario facer un plan especial de infraestruturas en Cambre, porque se había algún tipo de recurso contra as expropiacións, se lles ía abaixo a obra, e iso foi o que pasou. Pregunta por que non lles explica a que se deben os atrasos nesa estrada. Di que eses atrasos se deben a que houbo problemas coas expropiacións, non se fan os traballos ben feitos, non se fan a fondo, ou non se pensa, nin se traballa. O que el lle está preguntando ao Sr. alcalde, e pregúntalle unha vez máis, é que fixo nestes 6 anos.

O Sr. alcalde contesta que esa estrada sexa unha realidade, por exemplo. Pregúntalle ao Sr. Cubeiro que fixo a Xunta coas travesías que está facendo Cambre co diñeiro dos veciños.

Di que é moi fácil falar, e que oxalá se faga a rotonda porque todos a queren, pero tamén lle di que, aínda que o Sr. Cubeiro non sexa alcalde, se como concelleiro vai ver ao conselleiro, loxicamente debe pedir esa obra, todos a queren. Sabe que a terá que pagar Deputación, non o dubida, pero o permiso terá que dalo a Xunta, e como el non sabe se a Deputación vai apurar ou non, el loxicamente o que pretende é ter unha reunión Xunta-Deputación e saber cando se vai facer, finánciea quen a financie, e aí teñen que estar todos, el non quere sacar chispas doutras cousas, e dende logo a función de todos é traer o mellor para Cambre, iso é o que teñen que facer dende o goberno e dende a oposición.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que iso sería o desexable, evidentemente, pero, dende logo, non é así, as cousas non se fan así.

O Sr. alcalde di que ben, que van ver que se vai facendo a través do PP, que oxalá se faga.

O Sr. Cubeiro di que el non está falando do PP e que non lle quere recordar que acaba de gobernar o PSOE catro anos, porque el non lle está falando diso, está falando do Sr. alcalde, pregunta que xestións fixo el, e a resposta é ningunha, cero.

O Sr. alcalde di que iso é o que di o Sr. Cubeiro, pero que á parte desa crítica tamén lle pide que colabore para facer cousas, é o que lle di, nada máis.

Don Felipe Andreu Barallobre pide poder facer unha puntualización, di que simplemente porque o Sr. alcalde falou do presidente Feijóo.

O Sr. alcalde dille que non está no uso da palabra.

O Sr. Andreu di que o presidente Feijóo derrogará o Plan de vivenda que trouxo o bipartito a Cambre.

O Sr. alcalde pídlle que cale, e dille que esas chulerías non as permite, que se non se cala deberá irse. Non é o seu estilo botar a ninguén nin chillar, e pídlle que se deixe de lerias e que lle teña un pouco de respecto á xente.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que tamén el pide respecto e que se seren os ánimos, que parece que ultimamente están moi encrespados.

Rexistradas de entrada ao núm. 10213 o día 24 de xullo de 2009, xunto coa moción e os rogos.

1ª Sobre a modificación da RPT. Determinados temas de negociación colectiva do persoal do concello, levan anos estancados, influíndo dun xeito moi importante nos traballadores/as.

O día 2 de abril do presente ano reuniuse a mesa de negociación do concello acadando acordos relativos a varias cuestións relacionadas co cadro de persoal, que por diversos motivos non se tiveron en conta na súa totalidade á hora de aprobar a RPT.

Para cando ten pensado o goberno convocar a mesa de negociación para dar solución á situación de incerteza existente que contribúe e turba as normais relacións laborais que deberan existir?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que en setembro, á volta do verán, iniciarán os trámites.

Respecto da 2ª pregunta don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que xa tiveron algunha información por parte do responsable, pero que lles gustaría que esa información tamén se dera aquí no pleno e que a xente tivera coñecemento directo de como está a situación das obras. A continuación dá lectura á pregunta.

2ª Sobre o estado das obras do CEIP Graxal. Xa nos atopamos no ecuador das vacacións escolares e observamos como os prazos para rematar o CEIP do Graxal vanse agotando.

Foron varios os pais que seguen amosándonos a súa preocupación por este tema, a cal compartimos totalmente.

Por todo isto o noso grupo municipal pregunta:

Podería o concelleiro responsable desta área informarnos do estado actual do proxecto?, e tendo en conta que xa falta pouco máis dun mes para o comezo do curso, pode aproximar unha data de entrega da obra por parte da empresa construtora?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, postos en contacto por última vez esta semana, fai tres días, dende a empresa lles dixeron que a obra poderá estar totalmente rematada, salvo que atopen algún impedimento, no mes de outubro, pero que no mes de setembro xa van a estar rematados todos os servizos que necesitan para iniciar o curso todos os rapaces, é dicir, a adaptación do edificio antigo, que leva unhas reformas, coas aulas necesarias para acoller aos rapaces que entran novos. Iso estaría rematado, o resto, están traballando todo o que poden, pero pensan que pode haber un mes de atraso, iso foi o que dixo o encargado de obra.

3ª Sobre o proceso de humanización do Graxal. No anterior pleno onde se aprobaron os orzamentos puidemos observar na memoria do concelleiro de Facenda a intención de comezar canto antes o proceso de humanización do Graxal, acción que se enmarca no marco do Proxecto Arume.

É por iso que o noso grupo municipal pregunta:

- Dispón o concello dalgunha información nova respecto do proxecto de humanización do Graxal e sobre o tipo de accións e infraestruturas que van a formar parte deste proceso?
- Vaise ter en conta ás asociacións e aos veciños á hora de priorizar os investimentos?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que unha das primeiras cuestións coas que tomaron contacto foi precisamente con este tema, e pode comentar que xa está iniciada a licitación para o proceso de reforma da rúa Pígaro e Padre Feijóo, que son as que baixan dende o colexio ata o paseo marítimo, e esa vai ser a primeira actuación, que xa está iniciada a licitación do proxecto de obra.

Con respecto ao segundo di que o que se pretende facer é recoller as diferentes achegas que ten habido nos plenos, e estar en contacto coas asociacións da zona, as de empresarios, as de veciños, para facer un proceso consensuado con eles.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta se lle poderían explicar un pouco máis en profundidade en que vai a consistir a reforma desas rúas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o que está encargado é precisamente a redacción do proxecto para que defina as cuestións. Un dos motivos fundamentais de facelo foi que hai que cambiar o colector de pluviais que baixa á rúa e os colectores de

saneamento, precisamente para evitar en parte algúns vertidos que se están a producir nesa zona, e para mellorar o colector de augas pluviais que ven dende a N-VI, pasando polo colexio, para entroncalo coa nova obra. Esa é a razón fundamental, e vaise aproveitar para facer unha reforma integral da rúa, reordenando os aparcadoiros, o mobiliario urbano, as zonas de paso de peóns, aínda que as cuestións concretas van a ser redactadas polos técnicos no proxecto e delas non lle pode informar agora, o que si lle pode dar agora cando rematen, é unha explicación que a técnica que está levando o tema do Arume lles facilitou para entregarlle con algún detalle máis do que agora lle dixo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia